

Resolución definitiva do 3 de decembro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se resolve o premio de innovación educativa "Desafíos STEM: programación, robótica e impresión 3D" para centros docentes públicos de ensino non universitario da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

De conformidade co establecido no apartado décimo da Resolución do 11 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se convoca o premio de innovación educativa "Desafíos STEM: programación, robótica e impresión 3D" para centros docentes públicos de ensino non universitario da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, transcorridos os 5 días hábiles para realizar reclamacións e renuncias, esta Dirección Xeral

RESOLVE:

Conceder os premios aos proxectos dos centros docentes seguintes:

Categoría STEM iniciación:

- Premio "Desafío Robots" ao proxecto "Moble de reciclaxe" do IES Isaac Díaz Pardo, Sada, A Coruña.
- Premio "Desafío Programación" ao proxecto "Os órganos dos sentidos" do CPI A Xunqueira, Fene, A Coruña.
- Premio "Desafío Impresión 3D" ao proxecto "Planos para tocar" do IES Ramón Menéndez Pidal, A Coruña.

Categoría STEM afondamento:

- Premio "Desafío Robots" ao proxecto "mClon robot" do IES Primeiro de Marzo, Baiona, Pontevedra.
- Premio "Desafío Programación" ao proxecto "Sistema de alarma" do IES Val do Asma, Chantada, Lugo.
- Premio "Desafío Impresión 3D" ao proxecto "Pezas de xadrez" do IES Monte Castelo, Burela, Lugo.

Asinado electrónicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Manuel Corredoira López

